

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO  
DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2008. NÚM. 3 /2008.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**CONCELLEIROS:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P.)  
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (P.P.)  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>. FÉ CORTIZO MATO. (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P.)  
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (P.P.)  
D<sup>a</sup>.NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (P.P.)  
D<sup>a</sup>.MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)  
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>.BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)  
D<sup>a</sup>.SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)  
D<sup>a</sup>.GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**AUSENTES:** D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO.  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

## **ÍNDICE**

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.
- 3.- Expediente do plano de Sectorización de Canteras del Arenal do SR-D, Monte de Batán.
- 4.- Expediente da Ordenanza de instalación na vía pública de postos, barracas e outros: resolución da alegación presentada e aprobación definitiva da Ordenanza.
- 5.-Mocións do grupo de goberno.
  - 5.1.-Moción do P.P. relativa ao rexeitamento do canon dixital.
  - 5.2.-Moción conxunta do P.P. e do BNG relativa á solicitude ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e Enerxía para que se manteñan as condicións do actual sistema de tarifa nocturna.
- 6.-Mocións do PSdeG-PSOE.
  - 6.1.Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde-Presidente.
  - 6.2.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia de D. Román Rodríguez González.
  - 6.3.-Moción do PSdeG-PSOE solicitando melloras na sinalización vertical.
- 7.- Mocións do BNG.
  - 7.1.-Moción do BNG relativa á contratación dun traballadora ou traballadora social para o servizo de Atención Primaria de Lalín.
- 8.- Mocións por urxencia.
  - 8-1.-Moción por urxencia relativa á solicitude acordo entre as Consellerías de Medio Ambiente e Desenrolo Sostible e da Consellería do Medio Rural para continuar coa parcelaria de Vilatuxe.
  - 8.2.-Moción por urxencia do P.P. sobre o edificio da casa do Concello.
- 9.- Rogos e preguntas.

Sendo as dez horas do día 28 de febreiro de 2008, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente *D. Xosé Crespo Iglesias* e asiste actuando como Secretario Xeral D. César López Arribas.

*D. Manuel Miguélez Montoto e D<sup>a</sup>. Pilar López Carrón* non asistiron á sesión por razóns de saúde o primeiro e por motivos profesionais e persoais, a segunda.

*D. Manuel Gómez Estévez, D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey e D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias* non estaban presentes no comezo da sesión, e incorporáronse no transcurso da sesión. Así, inicialmente había 10 membros do grupo P.P, tres membros do grupo PSdeG-PSOE e tres do BNG.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 29 de xaneiro de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

*Salientou D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao* que na páxina 9, punto 5º da dita acta na súa primeira intervención, tiña que constar, a modo de engadido, que ela veu a ver o expediente da sesión o día anterior e que non estaba o anterior regulamento.

Con este engadido, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2008, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

## **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

**1.-** Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, polo que se aproban as facturas e recoñecen as obrigas da relación que se acompaña, polo importe total de **208.214,11 €**

**2.-** Decreto da Alcaldía de 29 de xaneiro de 2008, polo que se aproba a factura nº 28/262 a nome de **REPSOL BUTANO S.A.** en concepto de combustible consistorial xaneiro, por importe de **441,00 €**

**3.-** Decreto da Alcaldía de 30 de xaneiro de 2008, polo que se aproba a factura nº D101679 a nome da **XUNTA DE GALICIA DOGA** en concepto de anuncio DOGA est.det.pol.1 AR-21, por importe de **254,64 €**

**4.-** Decreto da Alcaldía de 31 de xaneiro de 2008, polo que se aproba a factura nº 0609809636050964 a nome de **BBVA RENTING, S.A.** en concepto de renting centralita do Concello mes de xaneiro, por importe **298,02 €**

**5.-** Decreto da Alcaldía de 31 de xaneiro de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030122356 a nome de **REPSOL BUTANO S.A.** en concepto de combustible piscinas municipais, por importe de **6.938,44 €**

**6.-** Decreto da Alcaldía de 2 de febreiro de 2008, polo que se aproba a factura nº A/2008/0000038441 a nome de **SOLRED S.A.** en concepto de recibo operacións con tarxeta de crédito por importe de **914,51 €**

**7.-** Decreto da Alcaldía de 4 de febreiro de 2008 polo que se aproba a factura nº 7371080010203 a nome de **DE LAGE LANDEN INT.** en concepto de renting fotocopiadoras das oficinas municipais do mes de febreiro por importe de **648,09 €**

**8.-** Decreto da Alcaldía de 4 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Juan Carlos Fernández González por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, por importe **14,10 €**

9.- Decreto da Alcaldía de 4 de febreiro de 2008, en virtude do cal se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José María García García por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, por importe **14,10 €**

10.- Decreto da Alcaldía de 4 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Manuel Torres Arias por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, por importe **14,10 €**

11.- Decreto da Alcaldía de 6 febreiro de 2008, polo que se aproba a factura a nome de **C.S. ADESLAS** en concepto de asistencia médica a funcionarios xaneiro, por importe de **5.244,96 €**

12.- Decreto da Alcaldía de 6 de febreiro de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos número **4-G/2008, modalidade “xeración de crédito”**, por importe de **42.858,00 €**

13.- Decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Jesús Barreira Fernández por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, por importe **18,70 €**

14.- Decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **18,70 € e 32,30 €** respectivamente.

15.- Decreto da Alcaldía de 8 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, polos importes de **53,34 € e 83,17 €** respectivamente.

16.- Decreto da Alcaldía de 8 de febreiro de 2008, polo que se aproba a liquidación da **Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal** con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, andamios e outras instalacións análogas, correspondente ao mes de **xaneiro de 2008**, polo importe total de **3.650,97 €**

17.- Decreto da Alcaldía de 12 de febreiro de 2008, polo que se aproba o expediente de transferencia de créditos número **1-T/2008**, por importe de **11.464,30 €**

18.- Decreto da Alcaldía de 14 de febreiro de 2008 polo que se recoñece a obriga de **240,40 € a AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA)**, e **52,25 € a AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO (AUDASA)** correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de xaneiro de 2008.

19.- Decreto da Alcaldía de 14 de febreiro de 2008, polo que se aproba a factura nº D101687 a nome da **XUNTA DE GALICIA DOGA** en concepto de anuncio DOGA consult. museo da paisaxe, por importe de **456,23 €**

20.- Decreto da Alcaldía de 14 de febreiro de 2008, polo que se aproba a factura nº D101690 a nome da **XUNTA DE GALICIA DOGA** en concepto de anuncio DOGA conv.SG-EQ-5 R. Aller, por importe **222,81 €**

21.- Decreto da Alcaldía de 19 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **30,40 €**

22.- Decreto da Alcaldía de 19 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Beatriz Alvarellos González por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **10,64 €**

23.- Decreto da Alcaldía de 19 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Elena Urrestarazu Ucin por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **44,89 €**

24.- Decreto da Alcaldía de 19 de febreiro de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos número **5-G/2008, modalidade “xeración de crédito”**, por importe de **500,00 €**

25.- Decreto da Alcaldía de 20 de febreiro de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos número **6-G/2008, modalidade “xeración de crédito”**, por importe de **8.285,00 €**

26.- Decreto da Alcaldía de 20 de febreiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D.

Francisco Guerra García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **77,90 €**

**27.-** Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 2008, polo que se aproba o expediente de transferencia de créditos número **2-T/2008**, por importe de **9.000,00 €**

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- EXPEDIENTE DO PLANO DE SECTORIZACIÓN DO SR-D “CANTERAS DEL ARENAL–MONTE DE BATÁN”**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 25 de febreiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros, o edil delegado desta área do grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, explicou este punto da orde do día, indicando que tras a tramitación deste plan de sectorización de iniciativa particular correspondíalle agora ao Pleno a aprobación definitiva do expediente. Sinalou tamén que inicialmente non constaba no expediente o informe favorable da Xunta de Galicia e que despois de tres meses, o informe chegou e era favorable. Deu as cifras que aportaba ao Concello, e en especial os metros cadrados en espazos libres, prazas de aparcamento e viais.

De seguido, tras amosar os voceiros dos grupos socialista e nacionalista a posición favorable dos seus respectivos grupos, pasouse á votación ordinaria, a man alzada, da proposta que constaba no expediente e **aprobose por UNANIMIDADE dos asistentes a mesma**, adoptándose o seguinte acordo en base aos seguintes antecedentes:

Logo dos correspondentes trámites, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2007, acordou, entre outros extremos, **APROBAR PROVISIONALMENTE** o Plano de Sectorización do SR-D “Canteras del Arenal - Monte de Batán”, de iniciativa privada, redactado polo arquitecto D. Eduardo Barrón del Pozo e con visado colexial de 18 de xullo de 2006, e remitir á C.P.T.O.P.T. o documento provisionalmente aprobado, xunto co expediente completo, para os efectos establecidos na letra d) do apartado 1 do artigo 86º da LOUGA, solicitando a emisión do informe preceptivo e vinculante.

O Director Xeral de Urbanismo da citada Consellería emitiu, con data 16 de maio de 2007, informe desfavorable, instando ó Concello para a

subsanación das cuestións que se indican no mesmo informe (Previsión de reservas mínimas para sistemas xerais segundo o PXOM, cumprimento do establecido no artigo 47.3 LOUGA para as parcelas destinadas a espazos libres e establecemento do sistema de actuación a aplicar no desenvolvemento do ámbito), e para solicitar un novo informe da Consellería.

Previo traslado do mesmo ós promotores, con data 1 de outubro pasado (registro de entrada nº 6405), presentan instancia e novo plano de sectorización (visado o 26/09/2007) que incluíu a resposta e corrección das deficiencias establecidas no citado informe da Dirección Xeral de Urbanismo.

E dado que os servizos técnicos municipais, con data 12 de novembro pasado, asinan informe favorable respecto ó novo documento presentado, adoptouse novamente acordo de aprobación provisional (Xunta de Goberno Local de 13-11-2007) e, con data 16 de novembro de 2007, remitiuse unha vez máis á Dirección Xeral de Urbanismo, da que se solicitou a emisión do previo e preceptivo informe, que debería ser elaborado e remitido ó Concello no prazo de tres meses, prazo que rematou o pasado día 16 do mes en curso, sen que se teña recibido o mesmo.

Ante a falla de emisión en prazo do previo e preceptivo informe, os servizos xurídicos municipais informaron no senso de que se pode continuar coa tramitación do expediente procedendo á aprobación definitiva do plano de sectorización.

Déixase constancia no expediente que con data do 28/02/2008 e entrada municipal nº 1197, recibíuse no Concello a notificación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que contén o informe de data 21/02/2008, previo á aprobación definitiva, sendo o devandito informe do Director Xeral de Urbanismo favorable.

**Xa que logo, o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**PRIMEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE O PLANO DE SECTORIZACIÓN do SR-D “Canteras del Arenal - Monte de Batán”, de iniciativa privada, redactado polo arquitecto D. Eduardo Barrón del Pozo e con visado colexial de 26 de setembro de 2007.**

**SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo para que realice tódolos trámites que sexan precisos co obxecto de levar a bo fin o presente acordo e, especialmente, para dar cumprimento ó establecido no artigo 92 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.**

**4.- EXPEDIENTE DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN NA VÍA PÚBLICA DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES, E RODAXE CINEMATROGRÁFICA: RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA.**

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 25 de febreiro de 2008.

Neste punto, non estando presente o edil delegado de facenda, o voceiro **D. Román Rodríguez González** explicou a proposta do expediente. Sinalou na súa intervención breve que houbo unha reclamación contra a aprobación provisional, por segunda vez, e que a mesma estaba informada desfavorablemente. Procedía pois aprobar definitivamente a ordenanza, e rexeitar a alegación.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou que votarían en contra, tal e como o fixeron no primeiro acordo. Consideraban que a suba aprobada era excesiva, e estaban de acordo en parte coa alegación presentada. Citou algún erro que había na proposta sobre a data e o informe, e mesmo sinalou que había algunha contradición entre o informe e a alegación.

*Neste intre incorporáronse á sesión D. Manuel Gómez Estévez e D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey, sendo as 10,14 horas minutos, e quedando con doce o número de membros do grupo de goberno e con dezaoito o de asistentes á sesión.*

Polo grupo nacionalista, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** tras clarexarse este extremo sobre as datas, indicou que a suba era importante, e que non estaban a favor da proposta. O argumento que daba o grupo de goberno de que había que afrontar unha elevada demanda de postos na vía pública non era válido (a pesar de que os feirantes non eran de Lalín e non castigaban co voto), indicou que o método empregado agora para xustificar a suba era unha auténtica ilegalidade. O BNG alegou no seu momento e agora seguían sen estar de acordo. De todos os xeitos adiantou o seu voto en contra, e salientou que o grupo de goberno era incapaz de tramitar e aprobar esta modificación.

Sometida a votación ordinaria, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do P.P.

Votos en contra: seis (6) dos que tres foron do PSdeG-PSSOE e tres do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia aprobouse a proposta, adoptándose o seguinte acordo:

**Examinada a alegación formulada por ACAPAG representada por D. José Manuel Liste García en data 2-2-2008 solicitando que se declare a nulidade da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por INSTALACIÓN DE POSTOS BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMA INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA, por aprobarse sen ter en conta a lexislación vixente.**

Visto o informe de Intervención emitido ao efecto.

Tendo en conta a seguinte **NORMATIVA APLICABLE:**

- a. Lei 7/85, do 2 de abril Reguladora das bases de réxime local.
- b. R D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, arts. 20 a 27.
- c. Lei xeral tributaria e demais disposicións reguladoras de cada clase de tributos en particular.
- d. Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, arts. 62 63 e 67.
- e. Supletoriamente, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**RESULTANDO** que durante o procedemento de exposición ao público do acordo provisional *D. José Manuel Liste García* en calidade de presidente de **ACAPAG** volveu presentar un escrito de alegacións neste caso baseándose en que a memoria económico financeira non cumpre os requisitos formais e de contido.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**CONSIDERANDO** que partindo de que nos atopamos ante unha taxa que grava a ocupación e utilización privativa do dominio público, polo que a cuantificación da cuota en función do art. 24 do TRLRFL:

*“ O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase de acordo coas seguintes regras:*

*a) Con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados no fosen de dominio público. A tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada.*

**CONSIDERANDO** que centrándonos no valor de mercado do solo a efectos do seu posible destino comercial, mediante unha utilización privativa, cómpre para a súa determinación remitirse á lexislación urbanística. Neste senso, segundo o artigo 28 da Lei 6/ 1998, de 13 de abril, sobre o Réxime do Solo e Valoracións, o valor do solo determinarase pola aplicación ó aproveitamento establecido polo planeamento para cada terreo concreto, do valor básico de repercusión na parcela recollido nas ponencias de valores catastrais ou, no seu caso, do de repercusión na rúa ou tramo de rúa corrixido na forma establecida na normativa técnica de valoración catastral. Nos supostos de inexistencias ou perda de vixencia dos valores das ponencias catastrais, aplicaranse os valores de repercusión obtidos polo método residual.

Tendo en conta o anterior, débese destacar que: o valor catastral dos terreos no concello de Lalín foi actualizado no 2003, entrando en vigor no 2004, sen que dende ese momento se procedese a actualizar a ordenanza para adecuala os novos valores, foi o motivo principal para que o arquitecto técnico municipal (o técnico do concello cualificado para esta tarefa) utilizara os citados valores catastrais en relación co prezo de mercado dos terreos para fixar a nova tarifa.

**CONSIDERANDO** que a raíz de todo o anterior exposto, partindo de que nos atopamos ante unha taxa que grava a utilización e aproveitamento privativo do dominio público, e que o valor catastral dos terreos actualizouse no ano 2003 sen que isto se tivera en conta ata o momento para fixar as novas tarifas, considérase adecuado que o fundamento económico-financeiro da subida se atope nesa reforma dos valores catastrais e inevitablemente no actual valor dos terreos, que ademais se encontra explicado con claridade no informe

técnico presentado polo arquitecto, xa que é preciso adecualos ingresos do Concello de Lalín a esta nova realidade.

**En consecuencia acordouse:**

PRIMEIRO.- Desestimar e rexeitar a alegación formulada por D. José Manuel Liste García, en representación e na súa calidade de Presidente da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Prazas de Abastos de Galicia (ACAPAG), con rexistro de entrada nº 737 do 7-2-2008, con efectos legais do 2-2-2008) relativa á modificación da citada ordenanza en virtude do cumprimento de tódolos termos procedimentais, unha vez incorporado o informe económico-financeiro que contén os termos precisos que explican os motivos da alza nas tarifas, polos motivos e razoamentos xurídicos anteriormente expostos, confirmando o acordo do Pleno desta Corporación do día 21 de decembro de 2007 en todos os seus termos.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por instalación de Postos, Barracas, Casetas de Venda, Espectáculos, Atracción ou Recreo, situados en terreo de Uso Público Municipal, así como Industrias na Rúa e Ambulantes e Rodaxe Cinematográfica, con todos os datos e documentos que forman parte do mesmo, dispoñendo que se realicen os demais trámites necesarios para a súa entrada en vigor.

**5.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO.-**

**5.1.-MOCIÓN DO P.P. RELATIVA AO REXEITAMENTO DO CANON DIXITAL.-**

A Presidencia deu conta desta moción de data 1-2-2008 con número de rexistro de entrada 663, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas Tecnoloxías do día 25 de febreiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros, polo grupo de goberno asumiu a explicación desta moción *D. Nicolás Varela García*. Indicou que estaban en contra da lei aprobada para regular este canón, que gravaba aos veciños e convertía aos cidadáns en supostos infractores. O principio era de paga e logo xa veremos. Esta modificación supuña unha defensa dos intereses das empresas privadas. Doutra banda cumpría destacar que tiña unha relación directa cos artistas que durante a presente campaña electoral apoiaban a unhas siglas políticas determinadas. Esta medida do canon parecía unha compensación.

Finalmente dixo que a moción era un acto tamén de solidariedade cos máis de dous millóns de cidadáns que coa súas sinaturas protestaban contra a imposición deste canon.

Non se vía do mesmo xeito a moción dende as filas socialistas. **D. Manuel María González Aller** estaba en desacordo coa moción, e o debate non era o de canon si ou non. A moción presentada polo grupo popular era oportunista. Citou que o canon dixital xa existía desde o ano 1992; no ano 2006 aprobouse a adaptación do canón analóxico existente ao novo canon dixital, e o P.P. aprobouno. Non se trataba de dotar cunha remuneración aos creadores e investigadores, senón de recoñecer o seu traballo dalgún xeito. Salientou algo que non se dixo antes: que noutros aspectos supuña unha rebaixa no canon xa existente, por exemplo nos suposto dos gravados, nas impresoras de inxección, nos escaners. Polo tanto a moción non dicía todo o que representaba a nova lei de adaptación, senón que unicamente trataba o canón dixital naqueles aspectos que supuñan un maior gravame, pero non tocaba o das reducións.

Doutra banda, a existencia deste canon era, como dixo antes, un modo de recoñecer o traballo dos investigadores e dos creadores cun sistema que estaba aceptado xa en toda Europa, Canadá, Xapón, etc. A el persoalmente o sistema aprobado non lle parecía o mellor, pero coidaba que a fórmula elixida era a menos mala, e porque ademais non había outra alternativa presentada que se puidera ver e estudar.

En resume, esta proposta databa xa do ano 1992, no ano 2006 o P.P. aprobou esta adaptación ao novo canón dixital e non votou, en contra, non; votou a favor. Por último, afirmou que o novo sistema supuña a adaptación da lexislación española ás directivas europeas que se cumpría así.

Desde o grupo nacionalista, **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** comezou indicando que o establecemento deste canón dixital parecía que obedecía a razóns de recadación pola sociedade xeral de autores. Lembrou que o P.P. no ano 2006 cando contaba coa maioría absoluta non fixo nada para que desaparecera o cobro polos artistas. Vían positivamente que se cobre por algúns conceptos, pero non por outros fins, por exemplo non se podía admitir que se copiaran, pero tampouco que se gravara por comprar un CD virxe e outros. Había uns dereitos dos autores e dos creadores, pero tamén outros dereitos dos consumidores e usuarios.

A moción do P.P. era demagóxica e electoralista e non se comprende a súa postura; tamén cumpría dicir que este grupo non aportaba alternativa ao debate. O BNG estaba en contra de aplicar este canon tal e como estaba agora, pero tamén quería destacar que non había alternativa ao sistema actual. O problema había que resolvelo tendo en conta os dereitos dos usuarios dunha banda, e os dereitos dos autores por outra. Estes dereitos había que defendelos, pero o BNG estaba en contra de ampliar o canon como actualmente se facía. Absteríanse.

Na segunda rolda de intervencións **D. Nicolás Varela García**, indicou que na moción o seu grupo pedía, non derogar a lei, senón so o artigo 25 que regulaba este chamado canón dixital, aplicable ás novas tecnoloxías, por exemplo ó MP3. Estaban en contra da aplicación porque daba a impresión de que se estaba convertendo esta cuestión en “meramente policial”, con tal de favorecer a unha asociación de artistas, que unicamente buscaba defender os seus intereses. Reiterou que había recollidas xa máis de dous millóns de sinaturas en todo o Estado, e este movemento non foi obra do P.P. e polo tanto non era oportunista a moción. Coidaba que se había delitos en materia de propiedade intelectual todos estaban a favor de regular e en contra de que se infrinxiran as normas, pero non deste xeito.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** volveu reiterarse no xa dito. A moción obedecía a razóns de oportunismo político e non era seria a argumentación de que durante a campaña catro ou cinco artistas apoiaran a “*J.L.R. Zapatero*”, para meter esta moción. Debíase a un cabreo do P.P. e estaba claro que os artistas desexaban cobrar. Votarían non á moción, non contra o canón, isto quería deixalo claro.

Rematou o debate, o Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Dixo que ao parecer as culpas de todo o que pasaba no estado era do P.P, mesmo “o afundimento da Armada Invencible”, engadindo o que lle dixo “*ó pote o caldeiro: sácate que me luxas*”. Eran inxustas as críticas do voceiro socialista ao grupo do P.P. cualificando a esta moción de electoralista. Ó revés, o electoralismo era do partido socialista, que agora co canon dixital pagaba os favores que debía. Fixo algunhas comparacións directamente proporcionais entre os favores e o canon, e “o pesebre” dos artistas e autores por este tema. Estaba de acordo con que os autores cobraran polo seu, pero agora en Internet e nos tempos que corren, hai que buscar outra fórmula, non empregando o acoso indiscriminado aos cidadáns. O sistema actual era cómodo para os autores. O canon era un favor que se lles pagaba aos autores por outros traballos. Lembrou que a SGAE remataba de construír un edificio en Santiago, fantástico. Dáballe a impresión de que co mesmo, sobraaba pasta. O sistema previsto de cobrar o canon de comprar e pagar ao mesmo tempo un canon, sen saber se se vai ou non se vai facer uso ilegal do material audiovisual non era lóxico. Debía pagar quen utilizara ilegalmente o material. Por último afirmou que o BNG non deu ningunha razón válida para xustificar a súa postura sobre este asunto.

Sometida a votación ordinaria a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do P.P.

Votos en contra: tres (3) do PSdeG-PSOE.

Abstencións: tres (3) do BNG.

En consecuencia aprobouse a moción, en base aos seguintes antecedentes:

Con motivo da publicación e entrada en vigor dos novos Cánones Dixitais que teñen a súa orixe no artigo 25 da Lei de Propiedade Intelectual (LPI), ante o evidente prexuízo que á totalidade de usuarios e consumidores, cidadáns todos eles, esta medida representa, ao tempo que se constata:

1.- Que este Canon grava indiscriminadamente a todos os lalinenses, só polo feito de seren sospeitosos de poder realizar algunha copia dunha obra suxeita ao réxime da propiedade intelectual.

2.- Que este Canon grava igual indiscriminadamente a calquera usuario da tecnoloxía, dende os xulgados aos estudantes, pasando polos fotógrafos e os fabricantes de software, imponse tamén ao material escolar, aos elementos que necesitan as empresas que conforman o tecido asociativo lalinense, aos comerciantes e aos profesionais que a necesiten forzosamente para traballar, e esténdese a todas as actividades produtivas que utilicen dispositivos electrónicos, algúns tan necesarios e comúns como os teléfonos móbiles, impresoras, CD's virxes e cámaras dixitais.

Deste xeito o propio Concello de Lalín como usuario queda afectado, converténdose noutra carga máis que deben soportar, a cambio de nada, os nosos veciños e veciñas.

3.- Que estamos fronte a un imposto de carácter xeral a favor de determinadas persoas privadas, sen ningún tipo de control por parte do Estado, e que encarece ata un corenta por cento os produtos tecnolóxicos. O Canon nada ten que ver coa piratería, aínda que, interesadamente, as entidades de xestión, quixeran mesturar ambos os dous conceptos.

4.- Que o devandito Canon está recadando incluso polas obras de autores e creadores non representados polas entidades de xestión, aínda que eles non entran no reparto do recadado.

Fronte a esta anómala situación, cidadáns, empresas, asociacións culturais, deportivas, de defensa dos usuarios, institutos, concellos, sindicatos e patronais, sen distinción de opción política, credo, idade ou nacionalidade agrupáronse na plataforma *TODOS CONTRA O CANON*, que xa ten afiliadas a máis que significativa cantidade de 2 millóns de sinaturas en todo o Estado en contra desa inxusta peaxe.

#### **Xa que logo, O Concello Pleno ACORDOU:**

1.- Adherirse á *PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON*, apoiando deste xeito a quen actúa en defensa de toda a cidadanía.

2.- Así mesmo, instar ao Goberno Central para que proceda á derrogación do artigo 25 da Lei de Propiedade Intelectual e, en todo caso, que se solicite ao Goberno a exclusión municipal do pago deste canon.

**5.2.- MOCIÓN CONXUNTA DO P.P. E DO BNG RELATIVAS Á SOLICITUDE AO MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO PARA QUE SE MANTENAN AS CONDICIÓNS DO ACTUAL SISTEMA DE TARIFA NOCTURNA.-**

A Presidencia deu conta destas mocións: unha delas do P.P. de data 6-2-2008, nº de rexistro 717 e outra do BNG de data 7-2-2008 co nº de rexistro 757, que contan co ditame favorable e desfavorable, respectivamente, da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas Tecnoloxías do día 25 de febreiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Houbo de inicio un debate entre os voceiros do BNG e o do P.P., ao que se sumou o do PSdeG-PSOE a propósito da oportunidade destas mocións, e con obxecto de realizar o seu debate conxunto. O voceiro socialista engadiu a maiores que debera cambiarse a parte dispositiva segunda da moción do P.P., porque xa estaba acordado no Parlamento de Galicia.

Xa brevemente, na rolda de intervencións dende o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, explicou a moción, expoñendo que estaban en contra, da suba das tarifas, e da desinformación que había neste caso, e que de levarse a cabo a medida aprobada, representaría un custe para os usuarios deste sistema de tarificación.

A continuación o voceiro socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que estaba totalmente de acordo co que se pedía na moción. Estaban en contra da suba do recibo de consumo de enerxía eléctrica, suba real, dado que se incrementaba a potencia afectada. A modo de *Emenda* propuxo modificar o apartado terceiro da moción e incluír unha solicitude á Fegamp para adherirse ao presente acordo.

Pola Presidencia, **D. Xosé Crespo Iglesias** tamén interveu para indicar que a medida que agora se combatía coa moción era froito das presións que as compañías eléctricas facían ao Goberno Central.

Fixo historia da implantación da tarifa nocturna en Lalín. En concreto relatou que el persoalmente asistiu a unha reunión, comida incluída, con explicacións, as que asistiron veciños de aquí e promotores para convencerlles das bondades desta clase de tarifa eléctrica, fronte a outras de gas-oil: el mesmo contratou este sistema para a súa casa.

Estaban en contra desta medida polo custe que representaría para todas aquelas persoas e empresas acollidas a este sistema de tarifa.

Desde o grupo nacionalista, *D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude*, indicou que a medida anunciada, de levarse a cabo, afectaría a varios miles de usuarios en Galicia. Estaban pois en contra da medida, e a favor da moción. Engadiu que o seu grupo coidaba que debían realizarse compensacións a Galicia pola produción de enerxía eléctrica que se obtiña aquí, máis que noutras Comunidades Autónomas do Estado, e a correlativa reversión dunha parte dos beneficios que elo xeraba a todo o Estado.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada as dúas mocións, tanto a do P.P coma a do BNG e a Emenda do PSdeG-PSOE, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a moción conxunta, coa emenda no terceiro apartado, e adoptouse o seguinte acordo:

Dende o ano 1983 estableceuse a nivel de todo o Estado Español a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). A filosofía desta tarifa era e é a de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor. Ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día, favorecendo o consumo de determinados electrodomésticos, como son os acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc., que se poden usar de noite. Busca un consumo enerxético máis responsable e solidario e a súa implantación obrigou á instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento como foron os acumuladores eléctricos. O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo na factura eléctrica, estímase en 5,3 kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, un millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido á súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios, é dicir, o 16% do conxunto do Estado. Na Comarca do Deza, estamos a falar dunha medida que lle vai afectar a máis de 3.000 usuarios, e que polo tanto, vai ter unha repercusión moi negativa para os veciños dos nosos Concellos.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 ata o ano 2006, no que xa non se permitiron novas altas baixo esta tarifa. A aplicación dos decretos 1634/2006 e o posterior 871/2007 suporán a aplicación de novas condicións do sistema de tarifa nocturna; máis o cambio fundamental está en que *“Os consumidores acollidos a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o cliente solicite as novas condicións do contrato, a campaña distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada”*.

É dicir, a partir do 1 de xullo do 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%.

En conxunto, e de aplicarse na súa integridade, o incremento que poden padecer os usuarios nas facturas eléctricas que pagan, pode chegar ata o 49%.

Segundo a nova normativa, os usuarios veranse obrigados a modificar a potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto coa Tarifa Nocturna non pasaba; dita normativa establece pagar agora pola máxima potencia dispoñible da súa instalación, en vez de contratar a potencia usada en hora punta, que é como se viña facendo ata o de agora. En suma, suporá un custe extra para cada usuario superior aos 160 euros, cifra á que será necesario engadir outros 190 euros de media polo incremento do termo fixo de potencia. Isto terá un efecto especialmente negativo na nosa Comarca do Deza, xa que haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continuará pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas, existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, máis para acollerse a esta nova tarifa, os usuarios da Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 euros por cliente. Uns 200 euros gastáronse no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 euros na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuítos de calefacción independentes entre si.

Estes cambios provocarán que a maioría dos investimentos realizados polas familias para acceder ás bonificacións da tarifa nocturna (principalmente coa instalación de sistemas de acumulación) vexan seriamente cuestionada a súa rendibilidade.

En consecuencia, o novo sistema coas Tarifas de Discriminación Horaria non supón unha alternativa válida para os usuarios que teñen contratada na actualidade a tarifa nocturna.

En definitiva, a posta en marcha destas novas tarifas eléctricas supón unha clara discriminación e castigo para os usuarios da tarifa nocturna que hai anos contrataron este sistema seguindo os consellos do propio Goberno central, e obrigan ao cliente a asumir os custos do cambio dos limitadores e da contratación da nova potencia, e provoca agravios tarifarios en función do tramo horario no que os fogares rexistran os maiores picos de consumo eléctrico.

Con base nos argumentos expostos, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a paralización da actualización da potencia á que obrigan os decretos que regulan a tarifa eléctrica.

**SEGUNDO.-** Reclamar ao dito Ministerio o mantemento do actual sistema de tarifa nocturna de xeito indefinido e nas mesmas condicións para todos os clientes, xa que a nova tarifa con discriminación horaria non supón unha alternativa válida para os clientes que contrataron a tarifa nocturna e que instalaron acumuladores eléctricos.

**TERCEIRO.-** No suposto de que non se manteña o sistema de Tarifa Nocturna, demandar do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o establecemento dunha tarifa con características semellantes ás da actual tarifa nocturna, arbitrando novas medidas tendentes a conceder a gratuidade do cambio de limitadores, e a apertura de liñas de subvención para cubrir así os custes de adaptación dos equipamentos actuais das vivendas dos usuarios da Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

**CUARTO.-** Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) a que se adhira ao presente acordo e demande perante as institucións competentes para que se manteñan as condicións do actual sistema de Tarifa Nocturna.

## **6.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE.-**

### **6.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE POLAS SÚAS VERBAS EN MATERIA DE SANIDADE.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 150-2-2008, con entrada municipal do mesmo día e con número de rexistro 910. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 25 de febreiro de 2008.

Sometida a votación ordinaria a comparecencia, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a comparecencia do Sr. Alcalde-Presidente para responder ás preguntas que se lle fixeran sobre este tema.

Xa na comparecencia propiamente dita, o Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que xa se desculpara na prensa nos días seguintes, pero indicou que neste asunto coidaba que *“a palla non debía impedir ver o fondo do asunto”*.

Indicou que todo veu motivado polas declaracións efectuadas pola Sra. Consellería de Sanidade, en resposta á petición municipal de instalación dun hospital comarcal, e aos modos e formas empregados pola mesma, porque consideraba que as mesmas foron unha descortesía. Habendo gastado o Concello de Lalín máis de trinta mil euros en elaborar un estudo de viabilidade do hospital e presentado o mesmo á Xunta de Galicia, o normal era que a responsable contestara cun escrito, con outro estudo ou ben dirixíndose ao Concello; pero nunca nunha roda de prensa celebrada en Silleda.

Lembrou que este non era un caso illado; houbo tamén unha visita da Sra. Consellería de Educación e O.U. ao colexio comarcal de Lalín á que non se lle invitou, con obxecto de elixir terreos para a construción dun novo edificio. Neste caso a obra a realizar será municipal, e o Concello ten que aportar os terreos.

O anuncio deste asunto e na forma producida non era lóxica. A raíz tamén estaba no tema de que non se invitou ao Sr. Alcalde a estes actos, e, *“claro está, tampouco se me contestou”*., dixo

O Concello pagou un importe por facer un estudo, en decembro levóuselle o mesmo, e entrevisteime coa Sra. Conselleira para facerlle a petición formalmente. Agora di que non hai hospital para Lalín, que ven un Centro de Alta Resolución para Lalín, algo que podía ser ou non viable, pero pasaban seis meses, e podía facerse con tempo e en forma. Non foi pois axeitado que se anuncie oficialmente que non haberá hospital comarcal en Lalín dun asunto deste Concello en Silleda.

*“Eu entereime pola prensa”*, afirmou. Elo denotaba unha falta de respecto e de lealdade institucional total, e unha falta de cortesía, porque esa nova non foi anunciada aquí, e se dixo en Silleda.

Había antecedentes deste xeito de actuar desconsideradamente da Xunta de Galicia, como xa dixo antes, no tema do colexio Xesús Golmar. O caso máis clamoroso foi cando a Sr<sup>a</sup>. Ministra de Fomento, D<sup>a</sup>. *Magdalena Álvarez* veu a Lalín a coñecer o estado das obras do TAV e non comunicou nada a este Concello, nin invitou a ningún representante municipal, e nin sequera se anunciou a súa presenza neste Concello. Foi algo increíble, porque neste caso tratábase dunha das obras máis importante que se executaron nunca en Lalín, e veu co Sr. *Pérez Touriño*, Presidente da Xunta de Galicia e *“pasaron os dous das mínimas normas de respecto e de protocolo institucional”*.

Dixo que hai pouco veu ao Sr. *Álvarez Cascos* (anterior M<sup>o</sup> de Fomento) e díxolle que el nunca foi a un Concello, sendo ministro, fora da cor que fora, sen avisar ao Sr. Alcalde.

Citou tamén como exemplo, o que facía o actual responsable de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, *“Pachi Vázquez”*, que foi Alcalde do Carballiño (Ourense), cando era tal, e viñan os da Xunta de Galicia, ou os da

Deputación de Ourense a realizar actos oficiais ós que non estaba invitado. Cando isto sucedía, montáballes uns “cristos tremendos,” a estes responsables oficiais, mesmo enviándolles á Policía Local para impedir a súa celebración. El sabíao de primeira man, porque coincidían na Fegamp e comentáballe se non se estaba pasar con este clase de actuacións; el respondía dicindo que non, que para el era unha falta de respecto e que si querían evitar eses cristos, o que tiñan que facer era non ir ao seu Concello sen invitalo como Alcalde.

A forma empregada pola responsable de sanidade non podía aceptala. Díxo que a Consellería de Sanidade veu a Silleda a inaugurar unha marquesiña e a anunciar a cobertura dun médico supletorio, motivos que el non consideraba suficientes para dita visita e menos para dar unha nova de tanta transcendencia para Lalín.

Outra cousa sería se a el lle dixera: “Alcalde: Non hai Hospital, pero hai a posibilidade de facer un Centro de Alta Resolución, e se me di que “vaise meter nos orzamentos como prioritario”, pois o veríamolo e estudaríamolo. Pero do xeito en que se fixo, parecíalle unha falta de respecto total.

Dende o grupo socialista, *D. Manuel María González Aller* indicou que a moción tiña por obxecto reprobar o comportamento do Sr. Alcalde. Hai tres anos esta Corporación pedía á Xunta de Galicia, e ó Ministerio de Fomento, á Consellería de Sanidade, á Consellería de Educación e O.U, aínda que eran da mesma cor que este goberno, pero ese non era o debate, nin o sentido nin o que motivou a presentación da moción.

Esta moción obedecía a unha única razón: os membros do PSdeG-PSOE de Lalín séntense avergonzados da actitude, das palabras pronunciadas e sobre todo dos modais empregados polo Sr. Alcalde dirixidas á Sra. Conselleira de Sanidade estes días de atrás, co gallo da visita que realizou ao Concello de Silleda. Ademais daba a impresión que sempre se referían a mulleres. Coincidía en que o Alcalde trata ben aos homes e sempre estas discusión sucedían en relacións coas mulleres.

Coidaba que o Sr. Alcalde tiña que desculparse en Pleno, aquí e agora. Isto sería o ideal e non poñer desculpas e non xustificar o inxustificable. Non eran de recibo as súas verbas xustificándose no feito de estar cabreado porque non lle saíron ben ou como el esperaba os plans e as negociacións. Estas mostras a ninguén lle pareceron ben, e vírono españois e galegos. O Sr. Alcalde ten a oportunidade agora e non a aproveita para desculparse. Dábase ademais a coincidencia de que ademais de ser Alcalde-Presidente do Concello de Lalín, ostentaba o cargo de Vicepresidente da Deputación Provincial e membro na Fegamp, e seguiu falando: “lamento que non aproveite a ocasión, para desculparse”, salientou.

Engadiu que esta actuación repetía ou doutros feitos protagonizados pola Alcaldía nos que empregou sempre a mesma linguaxe machista, e sempre faltaba curiosamente ás mulleres”.

Finalmente afirmou que ademais disto veñen as súas verbas, para “crispar máis a situación”. En suma, “faltóulles ao respecto a todos” e non se senten representados por *D. Xosé Crespo Iglesias*.

No uso da palabra *D. Xosé Crespo Iglesias*, dixo que el era un político, que ás veces “faltaba”, pero facíao esencialmente porque era “temperamental”. Todo o mundo sabía, e el non ocultaba, como era. “*A xente sabía coma era o seu carácter*”, afirmou. A cambio, tiña outros aspectos positivos, como era o feito de que sempre actuaba con transparencia política. É dicir, tiña defectos e virtudes.

As verbas pronunciadas por el, a frase en sí, foi unha expresión desafortunada, pero este tema non debía impedir nin tapar o fondo do problema nin o motivo das mesmas.

O horizonte futuro sería que Lalín se quedaba sen hospital. Todo isto a pesar de que non había razón algunha expresada para elo, e menos fundamentada ou con certo rigor. El saíu dese xeito na prensa, porque se ofendeu a Lalín, ao seu Concello e aos seus representantes, esta foi a causa.

Volveu insistir en que estudará para o futuro cando pase algo así, se o Concello ten que reaccionar dalgún xeito e mesmo enviar á Policía Local a impedir actos oficiais sen a súa presenza ou invitación.

Indicou que el era correcto, sempre que non se saian os demais do protocolo, indicando que cando isto é así, como ocorreu nos actos do centenario do Pintor Laxeiro, el trataba con cariño, mesmo mimaba aos asistentes, e era moi atento con todos os invitados.

Salientou que neste caso non estivo acertado con esa expresión e con elo perdeu a oportunidade de atacarlle politicamente e de empregar axeitadamente este feito coma arma política ó seu favor.

*D. Manuel María González Aller* preguntoulle: Se se dera unha situación parecida, *¿volvería a falar como o fixo nesta situación?*

Respostou *D. Xosé Crespo Iglesias*: se se dera a situación, respondería moito máis intelixentemente que nesta ocasión.

Houbo un debate co *Sr. Secretario* sobre a forma en que se desenvolvían as comparecencias, na que este dixo que había unicamente preguntas e respostas sen votación.

*Sendo as 11,23 horas abandonaron a sesión D. Manuel Gomez Estévez e D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey, quedando con dez o número de membros do grupo de goberno e con dezaseis o número de asistentes á sesión.*

Finalmente dende o BNG, *D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón*, indicou que o fondo do tema era grave, porque suporía que non ía haber Hospital comarcal en Lalín. Pero coa forma en que se contestou pola Alcaldía, non podía estar de

acordo. A Consellería meteu un pouco a pata, porque os argumentos dados non era convincentes, e formalmente non vai ser como esta parte diga. Pero a forma e a reacción do máximo mandatario municipal non foi a apropiada. A ela quedáronselle os ollos coma pratos, cando o escoitou, e coidaba que debía pedir desculpas. Nestes casos apuntou, se debía non respostar inmediatamente, senón deixar enfriar a cabeza. O actual Alcalde tiña xa unha traxectoria suficientemente longa e con experiencia para evitar estas situacións e había que templar as actitudes.

Doutra banda, mencionou que era tamén casualidade que ese “pronto” ou xenio do Alcalde sucedera coas mulleres, coma outras veces; e iso deixaba dúbidas no ambiente.

*O Sr. Alcalde* dixo que estaba totalmente de acordo coa anterior voceira, pero preguntoulle, se cando veu a Sra. Ministra de Fomento a Lalín, parecélle apropiado o seu modo de actuar.

*D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón* respondeu que estaba no debate da moción unicamente.

E con estas verbas deuse por rematado a comparecencia do Sr. Alcalde-Presidente neste punto.

#### **6.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, VIVENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL EN RELACION COS VIARIOS SG-V2 E SG-V5.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 15-2-2008, con entrada do día 18 e con número de rexistro 924. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 25 de febreiro de 2008.

Na rolda de voceiros *D. Manuel María González Aller* fixo historia desta obra. Salientou que cando chegou o goberno bipartito, estaba aínda sen facerse a obra, e o Concello de Lalín tiña que conseguir uns terreos nunhas datas determinadas. A Consellería de Política Territorial investiu trescentos dez mil euros, e o Concello tiña que abordar a conexión cos servizos de auga. “Agora vemos con alarma que non se están a cumprir as obrigas municipais”, afirmou. A Comisión de Urbanismo en 31-12-2007 tiña que acabar a obra e non tiña os terreos, e hoxe menos. O dito polo voceiro popular non é verdade. O mesmo pasou co novo colexio. Sempre que se pregunta por parte da Consellería, se lles resposta desde o Concello: “mañá teranse os terreos”. E non era verdade. Por todo elo, consideraban que esta situación era un precedente

grave á vista do que pasou coa Telleira de Sello no que se perdeu unha subvención de trescentos mil euros. Tamén aquí podía pasar o mesmo, por deixadez e por incomodidade dos veciños, e por un interese partidista de non actuar e perder axudas por incumprir as obrigas e os prazos. Había que saber rectificar.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** adiantou que non ía comparecer, pero si daría os datos para que todo o mundo se enterase. Entendía que era preocupante a moción presentada, porque lle parecía que se “tocaba de oídos”, e en todo caso era unha afirmación infundada. Lembrou que había un convenio asinado polo Delegado desta Consellería e o Concello, sobre o anterior, que prolongaba a vixencia daquel. Non houbo ningún problema coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda polo convenio inicial. Houbo un certo problema con Unión Fenosa, pola línea de media tensión. Citou o Anexo 3 do antedito convenio no que se indicaba que a reposición deste servizo sería da propia Consellería. En outubro houbo unha reunión e se fixo a “addenda” e o “novo convenio” asinado polo Sr. Delegado da Consellería. Por elo podía sosterse que nunca perigou economicamente a obra nin a subvención comprometida. Lembrou que no mes de decembro a Xunta de Goberno Local sacou a licitación as obras na rúa 6.

Alucinaba coas verbas escoitadas de que esta obra era do goberno bipartito, porque non era así. A obra arrancou xa no ano 1990, e “*era moita jeta*” dicir como dicían que era un proxecto socialista. O financiamento da obra, foi algo que se pactou entre o Sr. Alcalde e o entón conselleiro Sr. Núñez Feijoo. Para el era una “*coña e unha vergonza*” o que se dixo sostendo que a obra era debida ó actual goberno autonómico. So houbo unha xestión do goberno bipartito, en xullo do ano dous mil seis, de repoñer a tubaría de auga da depuradora. Quitando isto, a xestión foi cero, na vía da ronda leste.

Na moción dicíase que Unión Fenosa non contaba coa autorización, e é o revés a Consellería e a que ten que solicitar autorización a Unión Fenosa, en suma a moción confundía o “rock, co “cha, cha, cha...”.

De novo **D. Manuel María González Aller** no uso da palabra indicou que en xullo do ano 1990 o grupo socialista aquí neste Concello presentou unha moción sobre a Rolda Leste. Esta moción inicial rexeitouse. Logo no mes de decembro do ano pasado o grupo P.P. aprobou unha moción súa pedindo esta Ronda. Despois tramitouse o expediente actual.

Volveu insistir en que o Concello non fixo os seus deberes neste asunto e non puxo os terreos a disposición da Consellería nas datas previstas. Lembrou que no mes de xaneiro deste ano Unión Fenosa non tiña os terreos precisos para executar a obra á súa disposición, algo que era imputable ao Concello. Salientou que ao seu grupo lle preocupaba que se puidera perder a subvención, tal e como pasou no tema da finca da Telleira, na parroquia de Sello. Sobre o novo convenio, salientou que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes puido anulalo por incumprir as obrigas e os prazos do

convenio e non o fixo; agora esperemos que ata decembro de 2008 non o faga e o Concello cumpra.

Por parte do grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** indicou que este debate lembráballe ao debate producido na televisión entre o *Sr. Rodríguez Zapatero* o *Sr. Rajoy*. Cada un daba os datos que lle interesaban. Ao seu grupo preocupáballe o retraso que había na obra, que era o que se vía realmente, e a única verdade de todo o dito. E isto debía ser culpa dalguén: do Concello ou da Xunta de Galicia. Tamén había que destacar que había prexudicados: os veciños e os usuarios desta vía, que non a podían empregar. Este feito non era a primeira vez que pasaba. Por elo, despois de criticar as xestións realizadas, indicou que esta actuación de rematar a urbanización da *Ronda Leste* deberá ser prioritaria tanto para o Concello coma para a Xunta de Galicia, porque era importante para os veciños, e sobre todo debían deixarse de “*caralladiñas*”.

De novo no uso da palabra, **D. Román Rodríguez González** amosou o convenio asinado, indicando a maiores que había outro convenio en vigor que daba novos prazos e que permitía continuar coa obra. Indicou que en materia de educación dende outubro os terreos estaban a disposición xa da Consellería e sinalou que para o novo colexio xa había terreos postos a disposición, acordo adoptado neste mesmo órgano plenario, estando ditos terreos afectados situados en parte na AR-22 e outros libres, en total uns sete mil metros edificables.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** para destacar que a proxección e a execución da Ronda Leste era ante todo unha obra do actual equipo de goberno e do Alcalde especialmente, porque a meteron xa no PXOM do ano 1999. Despois houbo un convenio coa Consellería competente, un acordo que consistía basicamente en que o Concello aportara os terreos para facer a obra a Xunta de Galicia. O goberno bipartito, cando chegou ao poder, tivo que adxudicala, porque non lle quedaba máis remedio, tiña os terreos postos a súa disposición, a obra en fase de licitación e porque de non facelo incorrería en prevaricación.

Na moción, pedíase a comparecencia do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo perante o Pleno para explicar as súas xestións no que respecta á posta en dispoñibilidade e á reposición dos servizos para a execución da variante de Lalín, viais SG-V2 e SG-V5.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Votos en contra: dez (10) do P.P.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

### **6.3. MOCIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A REALIZACIÓN DE MELLORAS NA SINALIZACIÓN VERTICAL.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 21-2-2008, con entrada do mesmo día e con número de rexistro 1051. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 25 de febreiro de 2008.

Na quenda de intervencións desde o grupo socialista **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** indicou que esta moción era xa repetida, e en concreto do anterior mandato. Ao parecer ao Sr. Alcalde non lle importaba o tema nin aos concelleiros delegados. Lalín era un dos concellos máis grande e con máis vacas de Galicia; pero sucedía que os que estabamos aquí e os que veñen de fora non saben situarse e ignoran os nomes das rúas, e temos moitas veces que explicar á xente estas cousas. É difícil para a xente de fora, para os transportista, situarse e moverse por Lalín. Mesmo no Plan de tráfico, en fase de elaboración actualmente, poderíase incluír como un apartado poñerlle nome as rúas. “*Se non sabemos onde vamos,...malo*”, apuntou. Todo o municipio debía estar sinalado convenientemente, e estar xa en fase de solución este problema de placas nas rúas, mesmo poñendo se non houbera máis remedio carteis de papel. Cun edificio do Concello futurista ou vangardista, coma o equivalente ao monte Gaiás da Cidade de Cultura, por rematar, sucede que aquí non sabemos aínda os nomes das rúas nin os lugares do municipio. O primeiro de todo debía ser poñer nomes ás rúas que non o tiñan e colocar as placas nas mesmas que aínda estaban sen colocar. Dende que se tratou este tema por primeira vez, destacou que pasaron moitos anos, houbo iniciativas, o Alcalde meteu a Lalín no Eixo Atlántico, houbo conferencias, e a pesar de todo, isto estaba sen facer este traballo. *¿Como se explicaba que esas persoas que por exemplo veñan a este acto celebrado nos días pasados do Eixo Atlántico en Lalín e non poidan situarse nin coñecer as rúas de Lalín?*. Era increíble que suceda algo así, porque a sinalización era tamén unha mostra de progreso e de avance. Rematou afirmando que debía aprobarse a moción e a maiores engadiu que no programa do P.P. local, na área de turismo, apartado 30, incluíanse melloras nas sinais.

Tamén desde o grupo nacionalista, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que a moción era concreta e necesaria, e que como non había nomes nas rúas nin placas, había que contar cun GPS para chegar aos sitios. Este era un problema que lle custaba pouco ao Concello solucionalo, que xa estaba empezado, pero que non se remataba de facer, algo así coma a hipoteca

de corenta anos. Prazo rápido e volver outra vez a tratar o tema do rueiro, co tema do pasado.

*Sendo as 11,54 horas incorporouse á sesión D. Manuel Gómez Estévez e D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey, quedando con doce o número de edís do P.P. e con dezaoto o total de presentes na sesión.*

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** sorprendeuse polo espírito da moción. Lembrou que cada ano o Concello de Lalín gastaba corenta ou cincuenta mil euros en sinalizar o municipio e non se dicía nada ao respecto. Había que ter en conta que o problema era que había máis de mil quilómetros en pistas, e máis de trescentos núcleos en Lalín. “Facer todo isto neste municipio era practicamente imposible, e alegrámonos de que a voceira socialista lea o programa do P.P.”, dixo. En suma, a moción servía para recordarlle algo que se estaba a facer, e anunciou que seguirían a traballar nesta dirección.

Na segunda rolda de intervencións, de novo **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** indicou que o grupo de goberno non era coherente, que as mentiras ditas non xustificaban estes catro ou cinco anos de goberno, e que todo seguía igual en Lalín; salvo na zona do Regueiriño na que se colocaron as placas, moitos lugares de Lalín non contaban a estas alturas con nomes, algo que por si xa era vergonzoso.

Salientou que Lalín promove no rural obras e servizos e non hai nomes dos lugares onde se fan; engadiu que ás veces, sucedía que para algún lugar si había nome e para outros non; pero había que completar esta tarefa e colocalos en todos os lugares, e non enganar a todos os veciños de Lalín con este tema.

Dende a formación nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** solicitou facturas dos catro últimos anos en materia de sinalización, para saber onde foron parar eses cartos e as mesmas sinais. “Pídoos aquí e agora”., salientou. “De ser verdade o que escoitou do grupo de goberno, a moción en debate sería ridícula e non tería sentido algún”, afirmou

Matizou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** no sentido de que as obras de sinalización que se acometían non tiñan unha cantidade fixa cada ano, e mesmo incluírían espellos, biondas e outros, e non só placas.

Era unha cuestión básica. **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** volveu reiterar que quería saber o que se gastou e onde se colocaron as placas e sinais adquiridas.

*Sendo as 11,47 abandonou a Presidencia D. Xosé Crespo Iglesias, quedando como Presidente accidental D. Camilo González Bodaño, e*

*quedando con once o número de edís do grupo de goberno e con dezasete o número de edís presentes.*

Indicou **D. Román Rodríguez González** que Lalín estaba moi estendido, e que non era certo o que se dicía; os voceiros intervenientes podían conducir o seu coche, percorrer o municipio e así vería moitos sinais, se saen da súa rúa.

**D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** insistiu en coñecer tamén os lugares sinalados e os cartos empregados aludidos polos representantes gobernamentais.

Na moción pedíase: completar e mellora a sinalización vertical nas rúas da zona urbana e nos lugares e parroquias do rural do Concello de Lalín, para facilitar a localización, a mobilidade e a prestación dos diferentes servizos (transporte, sanitarios, comunicacións postais, etc.).

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos que tres foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Votos en contra: doce (12) do P.P.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

## **7.- MOCIÓN DO BNG.-**

### **7.1.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CONTRATACIÓN DUN TRABALLADOR OU TRABALLADORA SOCIAL PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE LALÍN.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 20-2-2008, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 1.007. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 25 de febreiro de 2008.

De seguido, concedeu o Sr. Presidente a seguinte rolda de voceiros:

Polo grupo propoñente, a edil nacionalista, **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón**, explicou que, tal e como se falou na sesión plenaria anterior, o seu grupo ía traer este tema a debate.

Había unha serie de carencias importantes no centro de atención primaria de Lalín. Consideraban fundamental que alí houbera un/unha traballador/a social,

algo que estaba previsto por lei. Nestas datas aproveitando que o SERGAS estaba a cubrir unhas trinta prazas, había que reclamar que unha das primeiras fora precisamente para o centro de Lalín.

Polo grupo socialista, *D. Manuel María González Aller* dixo estar totalmente dacordo coa moción. Explicou que si hoxe non había esta praza no centro de saúde era porque hai varios anos cando a Xunta e o goberno local eran do P.P. non se quixo que así fora, dicíndose daquela que ese traballo íano facer os servizos sociais do Concello. Estaba dacordo en que agora que había trinta prazas, era bo facer esta petición. Finalmente, indicou que era fundamental e necesario contar con esta praza para facer posible e levar a cabo a aplicación da Lei da Dependencia.

Tamén desde o grupo de goberno *D. Román Rodríguez González* adiantou que apoiarían a moción por coincidir coa mesma.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a mesma, e con base nos seguintes antecedentes:

O Decreto 200/1993, que atende no fundamental á Lei Xeral de Sanidade e ao Real Decreto do 1984, sobre as estruturas básicas de saúde, é o que da o soporte legal ao regulamento de Atención Primaria en Galiza.

Segundo este regulamento, Lalín conta cun servizo de Atención Primaria que se define como o nivel organizativo superior da xestión, planificación e apoio, que integra a unha ou varias Unidades de AP.

Como norma xeral estarán constituídos por un mínimo de 15 profesionais e un máximo de 45. Pois ben, un destes profesionais que ofrece apoio no Servizo de Atención Primaria é o traballador ou a traballadora social, apoio este incuestionable para poder ofrecer unha atención integral, tal e como se entende hoxe o concepto de saúde.

Por outra banda, o pasado 1 de xaneiro, entrou en vigor a Lei de Dependencia, unha lei moi importante, pero ao mesmo tempo moi complexa, que ten ata o 2012 para o seu completo desenvolvemento. Este desenvolvemento non podería ser correcto sen a aportación do traballador ou traballadora social, que ten que cumprimentar as solicitudes e facer a avaliación social.

Ademais, vimos de coñecer que a División de Recursos Humanos do SERGAS, ten programado sacar a concurso 30 novas prazas de traballadores e traballadoras sociais para os Servizos de AP, e desde o BNG pensamos que é prioritario que unha destas prazas a cubrir sexa a de Lalín.

#### **Xa que logo o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Solicitar á Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia, a contratación, o máis axiña posible, dun traballador ou traballadora social para o Servizo de Atención Primaria de Lalín.**

Preguntou de seguido o Sr. Presidente se había algunha moción por vía de urxencia para se presentar a esta sesión.  
Presentáronse as seguintes:

## **8.- MOCIÓN POR URXENCIA.-**

### **8.1.- MOCIÓN POR CARÁCTER DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO DO P.P. RELATIVA Á SOLICITUDE DE ACORDO ENTRE AS CONSELLERÍAS DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL PARA CONTINUAR COA PARCELARIA DE VILATUXE.-**

Brevemente, *D. José Antonio González González*, concelleiro delegado de Dinamización Rural e da área de Vilatuxe e proponente da moción, empezou a súa disertación.

Explicou que a presentación da mesma produciuse despois de que o BNG retirara a súa moción, e que non sabía aínda os motivos de dita marcha atrás. De todos modos coidaba que obedecía á paralización do proceso de concentración parcelaria de Vilatuxe por parte da Xunta de Galicia. Isto era a primeira vez que sucedía, e non recordaba ningún outro caso semellante. Namentres isto acordábase, as fincas e os camiños estaban abertos e sen rematar, e coas obras empantanadas. Para corrixir este estado, pediu que se puxeran dacordo os dous conselleiros afectados, porque non podía ser que, porque non se entenderan os *Sres. Suárez Canal e Vázquez Fernández*, Conselleiros do Medio Rural e Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible respectivamente, os veciños padeceran as consecuencias, algo do que non tiñan culpa, paralizándose a parcelaria. Preguntouse quen se facía cargo das perdas que se causaban aos veciños por mor desta demora e retraso. Reiterou que non entendía o motivo da retirada, e por isto viña a moción aquí. Consideraba que era urxente a moción polos danos e prexuízos que se lles estaba a causar aos veciños.

Sometida a votación ordinaria a ratificación da urxencia da moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) dos que once foron do P.P e tres do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: tres (3) do PSdeG-PSOE.

En consecuencia **RATIFICOUSE A URXENCIA** e pasouse ao debate do asunto en cuestión.

*Sendo as 12, 13 horas incorporouse o Sr. Alcalde e á Presidencia, quedando con dezaoito o número de asistentes e con doce os membros do grupo de goberno presentes.*

**D. José Antonio González González** leu a moción na súa parte dispositiva. Afirmou que el tiña “pelotas suficientes” para vir aquí a falar deste tema e dos que fagan falta, e había que dicir que en dous ou tres anos estarían paradas as obras, as leiras ocupadas e os camiños abertos, e o BNG tiña que ter a valentía de dar a cara neste tema, e non retirar a súa moción.

**D. Manuel María González Aller** indicou que lle parecía unha desfachatez a moción, porque tal e como viña, o que se dicía na mesma era unha defensa da ilegalidade. Agora non se ía facer toda a tramitación, cando estivo paralizado o proceso durante tres anos. “*Nós non somos cómplices da ilegalidade*”, afirmou. Existe neste expediente unha denuncia do Seprona xa do mes de novembro pasado e había outros actores neste procedemento. Á vista do non estaban de acordo coa actuación municipal neste expediente, especialmente coa do Sr. Alcalde botando para adiante o asunto e tentando crispas á xente. Isto era o que pasaba, que o Concello en vez de axudar a resolver o problema, estaba a xerar tensión entre os veciños afectados e nun procedemento que era perfectamente legalizable.

O Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que a paralización tiña que se producir en tempo e forma, e non agora, fora de lugar, engadindo que era un caso único, que a Xunta de Galicia se paralice a si mesma unha actuación.

Desde o BNG **D. Francisco. Xavier Vilariño Taboada**, no uso da palabra, fixo dúas preguntas ao grupo socialista:

*¿Quen fai as obras?*

*¿Quen leva a dirección de obra?*

Á primeira pregunta **D. Manuel María González Aller** respondeu afirmando que era a Consellería de Medio Rural; á segunda respondeu dicindo que era Consellería de Medio Rural; **D. Francisco Pérez Donsión** precisou a esta segunda pregunta que foi a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Seguiu falando o voceiro nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**. Para el, o tema non tiña discusión, e se estaba a debater de algo que non existe. No ano 2007 o Sr. Delegado Provincial do Medio Rural veu a Vilatuxe, e se retomou este proceso de concentración ata entón paralizado. Nesta actuación fíxose un gran investimento para toda a zona: dezaseis millóns de euros. Podía afirmarse que en dous anos se investiron máis cartos nesta zona que durante os dezaseis anos que o P.P estivo gobernando na Xunta de Galicia. Polo tanto, este era o punto de partida, e pediu que se deixase de tomar o pelo aos lalinenses con este asunto.

O goberno do P.P. acusa de engano ao BNG. O que procedía realmente era que o P.P. deixase de mentir con este proceso da concentración parcelaria. Dende o ano 2001 en que se ditou o Decreto iniciando o proceso, unha data fundamental, ata que se retomou no ano 2005, non se fixo nada. E cando a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible paralizou este proceso, non actuou correctamente, porque este proceso tense que adaptar á lei de 1985, e non á nova lei que si esixe a declaración de impacto ambiental, xa que comezou no ano 2001 co Decreto de inicio. Daquela, a normativa non esixía a declaración de impacto ambiental. Agora no 2007 si é necesaria a declaración de impacto ambiental. Cumpría dicir que se están a acometer os mesmos procesos que este nas zonas de Val e de Sello, parroquias que reclamaron a concentración parcelaria e nelas non hai esa medida de paralización. Logo, *¿a que ven esta cuestión?* preguntou.

Hoxe, Lalín e Rodeiro eran os únicos municipios que tiñan pendentes zonas a concentrar; o resto, Silleda, Vila de Cruces e Agolada xa estaban practicamente rematados.

En 2005 a Consellería de Medio Rural retomou este tema, e de facelo así, pronto estaría rematado o proceso e entregadas as novas parcelas, seguramente no ano que ven. Logo meteuse unha franxa na Rede Natura, houbo informes e a Consellería de Medio Ambiente e paralizouse. Hai informes da Dirección Xeral de Patrimonio e do Seprona. Pero o feito grave é que se paralizou toda a concentración.

Este investimento deseñouse, hai tempo, desde o ano 2001, pero houbo que esperar varios anos máis a que houbera máis cartos para acometer este proceso. Primeiro a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible fustigou á empresa que está a realizar estas obras. Logo veu o P.P e actuou dun xeito impresentable; pero *“e que hai que ter jeta”*, “cando puideron desde o ano 2001 non fixeron a concentración parcelaria, despois de decretala, non meteron un só euro, e agora veñen a criticar a paralización deste procedemento”, afirmou.

O problema non era dos *Sres. Suarez Canal e de Pachi Vázquez*, senón de terceiros que se meten no tema e que impiden que siga adiante o expediente.

O BNG quere solucionar esta situación, e que a concentración parcelaria se leve con luz e con taquígrafos para que non falte transparencia. O problema veu de cando se celebrou unha reunión en Vilatuxe e crispouse aos veciños, dicíndolles cousas faltas de verdade. A reunión celebrada foi impresentable. Pero: *¿cantas veces veu o Delegado da Consellería de Agricultura cando o P.P. gobernaba na Xunta de Galicia, aquí, a Vilatuxe?*, preguntou.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que foi dúas veces, que el lembrara, para aclarar dúbidas nos temas do monte.

De novo **D. José Antonio González González**, dixo que recoñecía a importancia do investimento. Sen embargo, antes de cumprir os trámites regulamentarios, empezáronse a abrir camiños e logo por esta causa paralizouse

o proceso, deixando as fincas e as leiras abertas e en obras, probablemente durante varios anos. Vostede dixo, referíndose ao voceiro nacionalista, que os veciños foran a apoiar ao BNG e a unirse ao seu grupo para reanudar a concentración parcelaria, e alí si que foi cando se crispou a situación. Había que dicir que o proceso en curso invadía a Rede Natura, e paralizouse por isto, por unha franxa, por un pouco de terreo, con pouco valor, pero infrinxíndose as normas.

“Eu apoio a concentración parcelaria en Vilatuxe”, dixo. Eu fun o primeiro en apoiala e en promovela, levando todas as “hostias”, e recollendo as sinaturas e convencendo aos veciños. Intentouse que os veciños se arrimaran ao Sr. *Vilariño Taboada*, para culparme a min da desfeita causada. “Pero isto non era así, porque non era certo, e eu non vou darlle máis... do que xa lle din”, afirmou.

**D. Francisco Pérez Donsión** insistiu en que non estaba paralizada a concentración senón que estaban suspendidas unicamente as obras.

Continuou a súa intervención **D. José Antonio González González**. Afirmou novamente que recoñecía a importancia do investimento acometido nesta iniciativa. Pero isto non obviaba para criticar cando as cousas se facían mal, coma sucedía neste caso singular. Por elo lembrou que houbo denuncias tramitadas neste expediente, porque se incumpría a lexislación vixente.

Esta obra era importante para Vilatuxe, e por iso buscábase a solución. Pero esta pasaba por evitar os problemas e sobre todo por vixiar para que as obras se fagan tal e como se acordou cos veciños. O que había que facer era realizar as obras tal e como estaban previstas vixiándoas a pé de obra para que non se salgan do camiño trazado, e en suma controlándoas. “*Eu apoio este proceso de concentración, pero sen ser nacionalista, e sendo un edil e un veciño de Vilatuxe*”, afirmou.

Criticou a política realizada, de “pelota para acá, para arriba e para alá”, e de falar para enfrontar a un partido político cos meus veciños de Vilatuxe, dicíndolles que os veciños tiñan que unirse ao seu partido para sacar adiante a concentración parcelaria contra todo. Criticou pois as actuacións do grupo e dos representantes nacionalistas neste tema. “*A mentira hai que elaborala e inventala e acábase vendo, pero a verdade descóbrese facilmente*”, afirmou. “*O tempo poñerá a cada un no seu sitio*”, rematou.

*Sendo as 12, 44 horas incorporouse D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias quedando con catro membros o grupo socialista e con dezanove o total de asistentes.*

A continuación **D. Francisco Pérez Donsión** leu o oficio da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dirixido á Consellería do Medio Rural sobre este tema. Afirmou que con data do 8-2-2008 a Dirección Xeral de Patrimonio (Consellería de Cultura) solicitou á paralización das obras

da concentración parcelaria de Vilatuxe, porque non se tramitou cos trámites preceptivos.

Ante todo había que dicir que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible instou á suspensión das obras deste proceso de concentración, unicamente, pero non a paralización do proceso de concentración propiamente dito. Isto ten unha transcendencia relativa, porque o problema é de orde de tramitación das actuacións do expediente, de realizar uns trámites antes que outros e de esperar a cumprimentalos.

De novo, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** indicou que no Boletín do PSOE na páxina 7 se cualificaba de grave desfeita o proceso de concentración e pide no documento a suspensión das obras e da tramitación da concentración parcelaria á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Quedou claro, pois, con este documento cal foi a actitude do PSOE de Lalín neste caso. Agora parece que se quería era buscar “un chivo expiatorio” da situación presente.

En primeiro lugar e como resposta ás preguntas anteriores feitas ó grupo socialista, sinalou que a contratación das obras, á que se respondeu dicindo que foi a Consellería do Medio Rural, era un grave erro. A Consellería do Medio Rural encargou á SEPI a contratación, organismo que depende da Consellería de Economía e Facenda; en segundo lugar a dirección da obra foi contratada tamén á SEPI.

*“Acusádesvos a vos mesmos, porque todo partiu da propia Xunta de Galicia, da Consellería do PSOE”. Si se parte da ilegalidade queda ben unha parte do PSOE e mal a outra, pero os prexudicados son os veciños”,* dixo. Acúsase de ilegalidade, pero a actuación se atribuíu directamente á Dirección Xeral correspondente da Consellería de Medio Ambiente. Precisou que o escrito da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, comunicouse e chegou cando estaba xa parada a obra, e este documento non foi o detonante para paralizar a obra como se quixo dicir.

Dirixíndose a “Toño”, edil do goberno e delegado da zona de Vilatuxe, preguntoulle por qué non fixo a concentración o P.P. xunto cos veciños cando estivo no goberno, porque daquela no ano dous mil un puido; pero non a sacou adiante. Isto era algo fundamental para entender o que pasaba neste caso. Había que convencer con argumentos.

Tamén cumpría destacar as facilidades que existían coa actual normativa, a cal permitía a defensa dos dereitos dos veciños en moitos trámites. A lei vixente era ultrademocrática, porque permite alegar moitas veces, e dar facilidades aos veciños; pero o que non se podía facer era alegar e presentar escritos para conseguir parar ou para impedir realizar as obras, e con elo a concentración parcelaria.

*Preguntouse D. José Antonio González González* se importaba algo a opinión dos veciños. *¿Fan falta os veciños?*. Pois sucedía que os veciños coidaban que non se contaba con eles para nada e parecíalles que importaba

pouco o que pensaran. Estaban sobre todo en profundo desacordo coa paralización das obras, e con deixar as leiras e os prados abertos e sen accesos das fincas particulares aos novos camiños.

Dende o grupo socialista **D. Francisco Pérez Donsión** dixo que todo o que pasaba prexudicaba o proceso de Vilatuxe en particular, e a todos os procedementos de concentración parcelaria en xeral. Estábanse a “montar cristos” e líos, aparecendo continuamente na prensa, algo que non era procedente, porque o que pasaba non era tan grave, pero a imaxe que se daba ao exterior era que a tramitación das concentracións parcelarias era moi complexa e sobre todo complicada.

**D. Francisco Vilariño Taboada** dixo alucinar coas verbas escoitadas do grupo de goberno. O que se debía esixir era alomenos coherencia, algo que non vía por ningunha parte. En dezaseis non se fixo a concentración parcelaria, prazo que tivo o P.P. para facela. Unicamente decretouna. Agora pretendía arrogarse a autoría estas obras, pero as circunstancias falaban por si solas e podía verse ben quen traballou e quen non traballou nas mesmas. O BNG adoptou unha decisión política para levar adiante esta concentración parcelaria en Vilatuxe que se fai agora, que estaba en curso e podía verse.

**D. José Antonio González González** de novo dixo que el tivo que convencer aos veciños, promove-la concentración parcelaria e buscar as súas sinaturas dende moito antes de decretala a Xunta de Galicia e de facer calquera trámite ou actuación.

Seguiu **o voceiro nacionalista** insistindo en que o P.P. coidaba que non se ía facer, e ao darse conta que ía adiante, intentou “reventar o proceso”. Agora había varios problemas, un deles era a titularidade das fincas a costa dos veciños, algo que se podía solucionar.

**D. José Antonio González González** dixo que era impresentable ver a exposición de motivos escoitados na moción e na verbas do anterior voceiro..

Finalmente, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo de todo o dito resultado meridianamente claro que “a Xunta de Galicia paralizouse a sí mesma unha obra, a concentración parcelaria de Vilatuxe, algo que coidaba que sucedía por primeira vez na historia de Galicia. A obra farase despois das eleccións; agora cando coas obras paradas falase de moitos temas e cuns modos concretos, pero despois entenderase doutro xeito todo o feito. Por último, indicou que o voceiro do BNG valía para avogado, porque sen argumentos case convence aos presentes e tiña cualidades neste sentido.

Sometida a votación ordinaria a proposta tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do P.P.

Votos en contra: sete (7) dos que catro foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia aprobouse a moción e adoptouse en base aos seguintes antecedentes:

A concentración parcelaria da parroquia de Vilatuxe recibiu a semana pasada unha importante vareada como consecuencia do desencontro entre dous departamentos do Goberno bipartito da Xunta de Galicia, logo de ordenar a Consellería de Medio Ambiente á Consellería do Medio Rural a suspensión deste proceso por carecer da avaliación de impacto ambiental.

É un feito sen precedentes que dúas consellerías da Xunta de Galicia non pulan as súas diferenzas internamente e o único que se lles ocorre é “tirarse os trastos á cabeza” publicamente. O peor de todo é que os únicos prexudicados por esta paralización son os veciños de Vilatuxe, que ven como as obras da parcelaria se retrasan e o aproveitamento das súas fincas se reduce considerablemente ao verse afectadas pola apertura de novas pistas e outras actuacións necesarias para a execución do proxecto.

Ante esta situación, resulta paradóxica a actitude amosada polos representantes municipais do BNG. Hai só seis días presentaron unha moción para debater no Pleno Municipal deste mes na que instaban da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a suspensión da paralización desta parcelaria, cualificando de “escandalosa a posición de torpedeo” por parte deste departamento do Goberno galego. Sorprendentemente, no día de onte e alegando escusas totalmente peregríns anunciaron que retiraban esta moción, desprezando aos veciños de Vilatuxe e deixándoos nunha situación de total abandono.

A postura adoptada polos socialistas de Lalín respecto a esta paralización da parcelaria de Vilatuxe tamén merece ser criticada duramente, porque desde o primeiro momento amosaron unha actitude de pasotismo e de mirar cara outro lado a pesar de que a consellería que ordena a paralización está dirixida por un compañeiro socialista.

Desde o Concello de Lalín non podemos deixar aos veciños de Vilatuxe nesta situación de desamparo e debemos utilizar todas as ferramentas que estean na nosa man para presionar aos departamentos da Xunta de Galicia implicados nesta paralización parcelaria para que tomen as decisións oportunas e continuar coas obras do proxecto. (Ademais, existe o agravante de que eran sabedores con

anterioridade desta decisión da consellería, sen que para nada informaran do asunto nin tomaran medida algunha ao respecto).

O Pleno da Corporación Municipal acordou:

**1.- Solicitar ás Consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia, que se poñan de acordo e que adopten as medidas necesarias para continuar coas obras da concentración parcelaria da parroquia de Vilatuxe.**

**2.- Demandar información a estes departamentos sobre as perdas económicas que para os veciños suporá a paralización desta concentración parcelaria e para que determinen quen se fará cargo das mesmas, sobre todo co fin de que a decisión de paralizar este proceso non supoña incrementar aínda máis os danos que xa están a sufrir os propietarios.**

### **8.2.- MOCIÓN DO POR URXENCIA DO P.P. SOBRE O EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO.-**

Brevemente o Sr. Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias*, explicou as razóns de traer a sesión este expediente. Indicou que nun principio ía vir, logo optouse porque se ditaminara só en comisión informativa e non viñera a sesión plenaria. Precisou que onte houbo unha xuntanza e ata as once e media da noite non soubo se a UTE aceptaba ou non o pagamento para o ano 2011, xa que inicialmente prevíase que se pagaría proporcionalmente cada ano prorrateando o seu importe dende o ano dous mil oito ata o dous mil once. A hora en que se lle comunicou a aceptación da empresa foi tarde, e non lle pareceu apropiado chamar aos voceiros para comunicarlles isto.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a urxencia deste punto tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) do P.P.

Votos en contra: sete (7), dos que catro(4) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Abstencións: unha (1) (María Paz Pérez Asorey, ausente momentaneamente).

Ratificada a urxencia, pasouse ao debate da moción por parte dos distintos voceiros:

**D. Manuel María González Aller**, voceiro do grupo socialista, indicou que consideraba que non estaba xustificaba a urxencia deste tema. O mesmo puido tratarse na Comisión Informativa.

Fixo historia do expediente. Lembrou que o problema viña xa do concurso que no seu día fixo o Concello, no que se cifraba como orzamento de obra o importe de seis millóns de euros. A pesar disto, escolleuse un proxecto que pasaba deste importe, e de aí podía vir a ilegalidade do proceso seguido: o anteprojecto elixido superaba os seis millóns e adjudicouse a pesar disto.

Chamáballe a atención que, unha vez que xa se baixou a calidade do edificio a construír coa aprobación do primeiro modificado con orzamento cero, agora se veña outra vez con máis temas novos para subir de novo o orzamento.

As razóns que se daban para xustificar esta suba non eran razoables. Coidaba que os arquitectos tiñan xa polo seu propio oficio e profesión un coñecemento suficiente da obra e da súa profesión; *“xa se cambiou o cemento de cor branco por formigón normal, e agora estes cambios non se explicaban”*, sostivo. O modificado contemplaba aspectos como prever espazos para a instalación de armarios, falsos teitos e outros para adaptarse á estrutura, cando xa se sabía inicialmente que a estrutura era redonda (*¿e que antes non o sabían?*, preguntouse).

Tamén parecíalle unha tomadura de pelo que agora se quixera meter un illamento acústico nos falsos teitos, cando isto se sabía ao comezo e puido preverse antes. En suma, estaban en desacordo co proxecto e coa obra e este documento do modificado nº 2 do proxecto era un timo total para o Concello e para os veciños de Lalín.

Desde o grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** indicou que xa foran avisando de que había este problema. O orzamento inicial disparouse de seis millóns de euros previstos ata os doce, e os importes estaban en gran medida condicionados polas decisións técnicas. Pero logo, unha vez construído o edificio había que ter en conta o seu mantemento e a conservación. Ademais non quedaba descartado que houbera no futuro máis modificados. Lembrou que o equipo de goberno dixo que isto ía custar doce millóns e isto xa estaba superado. En resume, á vista destes feitos estaba claro que non está garantido que este importe sexa o proxecto definitivo da obra. Finalmente deu algúns datos dos importes que cobraron os arquitectos pola redacción do proxecto e pola dirección da obra, ó seu xuízo desorbitados e que non xustificaban esta obra nun sitio como Lalín.

*Neste intre, sendo as 13:19 horas abandonan a sesión D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao e D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey, quedando o PSdG-PSOE con 3 membros e o PP con 11 edís, e quedando o número total de asistentes á sesión en 17.*

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** acudiu a razóns técnicas para xustificar este modificado do proxecto, criticando as posturas do BNG e do PSdeG-PSOE porque neste caso era inevitable traelo á

sesión. Indicou que non se cometeu ningunha ilegalidade, e quixo deixar claro que o seu grupo non traía este tema a sesión plenaria por gusto, senón porque tiña obriga legal e con isto dábase tranquilidade para o futuro. Entendía que os técnicos tiñan suficiente prestixio e non eran precisamente “tontos”. Había partidas de vidro e outras de ferro e cemento nas fachadas que había que acometer para que quedara ben rematado o edificio. Tamén indicou que agora había acordo para financiarlo con cargo ao ano 2011. Finalmente afirmou que esta obra era un orgullo para o goberno municipal e para Lalín.

De novo o representante socialista **Sr. Manuel María González Aller** indicou que el non dixo que eran “tontos” os arquitectos, afirmou, senón que lle daba a impresión que “tomaban o pelo ao Concello e nos tomaban por tontos aos demais”. Volveu reiterar que agora con este reformado parecía que os arquitectos descubrían que o edificio era redondo, polas obras, porque entre outros aspectos o proxecto inicial non levaba falsos teitos e agora sí, e porque os soportes tiñan que ser redondos agora e non antes. Doutra banda había que destacar que o Sr. Alcalde cambiou as súas verbas, porque inicialmente afirmou que non ía haber modificados de proxecto e agora, “si os hai”. Por elo non cría nada do que se dicía desde o grupo de goberno sobre este tema.

Finalmente o Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que en todas as obras destas características, de *Foster, Eisenmann* había modificados e resultaba moi difícil prever o desenvolvemento e o remate destes traballos.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) do P.P.

Votos en contra: seis (6) dos que tres foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Abstencións: dúas (D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey que se marcharon tras o inicio do debate do punto e por imperativo do ROF).

En consecuencia aprobouse a moción, e acordouse que tendo en conta que

A Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de xaneiro de 2008 acordou encargarlle aos arquitectos **D. Emilio Tuñón Álvarez e D. Luis Moreno García-Mansilla** a redacción dun Proxecto Modificado nº 2 do Edificio Administrativo do Concello de Lalín.

Este proxecto ven a encargarse tras a redacción dun Modificado nº 1 e a previa adxudicación mediante o sistema de concurso de anteprojecto, proxecto de obra e dirección de obra e de execución da obra antedita.

Os motivos de redacción deste modificado obedecen a axustes na fachada e noutros elementos do edificio proxectado que xerará unha mellora na construción do mesmo.

Unha vez redactado e supervisado este Proxecto Modificado nº 2 polo arquitecto contratado polo Concello, *D. Javier Bugallo Thielen*, cumpre autorizar á empresa adxudicataria das obras de construción do edificio do novo Concello que realice os traballos contidos no mesmo para poder continuar así a obra, actualmente en fase de execución.

Durante estes días leváronse a cabo negociacións coa UTE LALÍN, empresa adxudicataria e contratista dos traballos de Construción do edificio do novo Concello, para a aprobación deste Modificado nº 2 do dito proxecto, tendentes a conseguir un acordo que permita cumprir os prazos e demais compromisos adquiridos polas dúas partes contratantes.

Xa que logo acordouse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Proxecto Modificado nº 2 do edificio administrativo do Concello de Lalín, redactado polos arquitectos *D. Emilio Tuñón Álvarez e D. Luis Moreno García Mansilla*, por importe de 1.939.404,51 €

**SEGUNDO.-** Aprobar a modificación do contrato en vigor de data 10 de xullo de 2006 asinado entre este Concello de Lalín e a UTE Lalín, con suxeición ó prego de cláusulas económico-administrativas do concurso para a construción do edificio do novo Concello, e coas determinacións contidas no mesmo e celebrar coa UTE PROINSA S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A., un novo contrato en base a este proxecto modificado nº 2, facultando ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do mesmo, na contía que está recollida no Proxecto Modificado nº 2.

**TERCEIRO.-** Aprobar o plan de financiamento de dita obra co réxime de gastos plurianuais, engadindo ó actual sistema recollido no prego de cláusulas administrativas do contrato, o seguinte:

Ano 2011.....1.939. 404,51 €

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Formuladas de xeito escrito.

### **9.1.- PSdeG-PSOE.-**

#### **D. Manuel María González Aller.-**

ROGO.- Que se conceda e habilite unha zona de aparcamento diante do local de correos, sito na rúa B, para carga e descarga e de uso exclusivo para os usuarios do servizo de correos con límite de tempo, para facilitarlles o uso de dito servizo público aos cidadáns, así como a recollida e entrega de paquetes postais. Con esta medida, daríase resposta ás demandas formuladas polos lalinenses e polo servizo de correos, o que redundaría nunha maior fluidez do tráfico na mencionada rúa.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

Formuladas de xeito oral:

PSdeG-PSOE.-

#### **D. Manuel María González Aller.-**

ROGO.- Quere saber se un escrito dos veciños de Donramiro de data de febreiro deste ano e presentado no Concello, vai vir a sesión plenaria.

*Respostou D. Xosé Crespo Iglesias no sentido de que a orde do día correspóndelle ao Alcalde, e que o normal e que se lle dea o curso que corresponda, pasándoo á Concellería Delegada.*

PREGUNTA.- Quere saber se en relación cunha pregunta formulada no Pleno no mes de agosto do ano 2007 sobre unha pista da Trigueiriza (zona urbana por enriba e paralela á rúa da Ponte, sen urbanizar, sen sinalizar e sen acondicionar) se fixo algo, porque é un sitio perigoso o pasado día vinteseite de xaneiro houbo un accidente de tráfico, con implicación dun vehículo.

*Neste caso D. Camilo González Bodaño informou que efectivamente houbo un accidente nese lugar, pero tamén indicou que o vehículo puido introducirse por dirección prohibida, e chocou cunha árbore, habendo cambio de rasante. Engadiu que se estudará o tema.*

**D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias.-**

1<sup>a</sup>.- ¿Canto custou o estudo de viabilidade que se fixo sobre a ubicación en Lalín dun hospital que encargou este Concello?

*O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.*

2<sup>a</sup>.- Sobre a gardería e dirixida ao Sr. Secretario: ¿Pódese aprobar un regulamento novo sen derogar o anterior regulamento?

*O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.*

3<sup>a</sup>.- ¿Hai un modelo de placas das que se van instalar nas rúas?

*O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.*

**9.2.- BNG.-**

**D. Fco. Xavier Vilariño Taboada.-**

ROGO.- Pide que como aínda non se quitaron os rótulos e carteis do Centro Comercial Pontiñas, que se retiren tal e como pediron en varias sesións anteriores.

**D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón.-**

1.- PREGUNTA.- Canto custou ao Concello os avogados que defenderon no recurso contencioso- da Discoteca Planet.

*O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.*

2.- PREGUNTA.- ¿Quen son os responsables técnicos das resolucións ditada en dito expediente?.

*O Sr. Presidente dixo que respostaría por escrito.*

3.- PREGUNTA.- ¿Quen son os responsables políticos das resolucións ditadas en dito expedientes?.

*O Sr. Presidente dixo que respstaría por escrito.*

4.- PREGUNTA.- ¿Cal vai ser a solución que se adopte en dito expediente?

*D. Xosé Crespo Iglesias dixo que respstaría por escrito.*

5.- PREGUNTA.- En relación cos mil ou mil trescentos quilómetros lineais de pistas que hai e Lalín e dos que falou tanto o edil delegado de urbanismo coma o Sr. Alcalde, ¿saben cantos buratos hai en ditas pistas?

*D. Xosé Crespo Iglesias indica que hai un traballo contínuo de bacheo que levan a cabo os servizos municipais.*

ROGO.- D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón pide entón que se bacheen os buratos existentes nos camiños locais e que se ocasionaron polos camiós que traballan na construción do TAV no término municipal polo Concello e logo se pase a factura ao ADIF, ou ben se reclame, pero que en todo caso se arranxen ditos buratos.

*D. Xosé Crespo Iglesias indica que está difícil a situación, porque o ADIF non fai caso, e se o fai o Concello logo non vai cobrar estes importes. En todo caso, buscarase facer o máis axeitado a este problema.*

E non habendo outros asuntos que trataren, sendo as trece horas e corenta e seis minutos do día ao comezo indicado, no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a mesma. De todo isto pola miña condición de Secretario e fedatario dou fé.